

## ***Axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre***

*O 12/01/2021 A XUNTA publica a ORDE do 22 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre e se convocan para o ano 2021*

**(código de procedemento MT809D).**

**Plazo de presentación: 13/01/2021 - 12/02/2021**

### **ACTUACIONES SUBVENCIONABLES**

**a) Liña para a prevención de danos ocasionados polo lobo:** para a adquisición de cans para a protección e defensa do gando, de pastores eléctricos e/ou de cerrumes de malla electrificada e para a adquisición e instalación de valados fixos, cuxa adquisición se faga, en todos os casos, con posterioridade á publicación desta orde.

**b) Liña para a prevención de danos ocasionados polo oso:** para a adquisición de pastores eléctricos, cuxa adquisición se faga con posterioridade á publicación desta orde.

**c) Liña para a prevención de danos ocasionados polo xabaril:** para a adquisición de pastores eléctricos, cuxa adquisición se faga con posterioridade á publicación desta orde.

### **PERSOAS BENEFICIARIAS:**

#### **1. Liña para a prevención de danos ocasionados polo lobo.**

Poderanse acoller a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando bovino, ovino, cabrún, porcino da raza Celta e equino que figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) de Galicia.

#### **2. Liña para prevención de danos ocasionados polo xabaril.**

Poderanse acoller a estas axudas:

a) As persoas físicas ou xurídicas que exercen a actividade agraria e estean inscritas no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga)

b) As explotacións agrarias destinadas ao autoconsumo.

#### **3. Liña para a prevención de danos ocasionados polo oso.**

## ***Axudas para a prevención dos danos que causan determinadas especies de fauna silvestre***

Poderanse acoller a estas axudas as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións gandeiras do tipo de gando bovino, ovino, cabrún, porcino da raza Celta, equino e apícola que figuren incluídas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (Rega) de Galicia.

### **AXUDAS:**

**PARA COMPRA DE CANS:** O importe máximo das axudas non excederá os 500 € por can.

**Razas:** mastín español, mastín do Pirineo e can de palleiro.

**PARA COMPRA DE PASTORES ELÉCTRICOS:** A contía máxima da axuda por explotación será de 600 €. O importe máximo das axudas para a adquisición de pastores eléctricos será de 150 € por pastor eléctrico alimentado por batería ou conectado á rede eléctrica, e de 300 € por pastor eléctrico cuxa batería se alimente con panel fotovoltaico.

### **PARA VALADOS FIXOS ELECTRIFICADOS:**

Subvencionarase un cercado por cada rabaño de ata 30 reses de gando menor ou 10 reses de gando maior e un máximo de 2 cercados por explotación cando se supere o número das ditas reses.

O importe máximo da axuda será de 3 € por metro lineal ata un máximo de 1.500 € por valado, IVE excluído.

### **PARA VALADOS FIXOS CON MALLA GANDEIRA OU CINEXÉTICA METÁLICA:**

Subvencionarase un cercado por cada rabaño de ata 50 reses de gando menor ou 20 reses de gando maior e un máximo de 2 cercados por explotación cando se supere o número das ditas reses.

O importe máximo da axuda será de 3,7 € por metro lineal ata un máximo de 3.700 € por valado, IVE excluído.

**O prazo máximo para presentar a xustificación dos gastos rematará o día 9 de outubro de 2021.** Porén, poderase conceder, por petición xustificada da persoa física ou xurídica interesada realizada antes da finalización do prazo establecido sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros, unha ampliación do prazo de xustificación das axudas que non excederá a metade do prazo inicialmente previsto.